



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS RELATIVO Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO "AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE PONTECESO" A ADXUDICAR MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CON TRAMITACIÓN ORDINARIA E DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA.

CLAUSULA PRIMEIRA . - REFERENCIAS LEXISLATIVAS

O contrato ten por obxecto a execución material do servizo de Axuda no Fogar, nos termos previstos nestas prescricións técnicas e no prego de cláusulas administrativas, en base ás competencias municipais que establece a Lei 7/85 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.2 e) e de acordo cos criterios establecidos na Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, recollidas na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de Dependencia, que introduce importantes cambios que afectan á propia concepción dos servizos de axuda no fogar, ás súas características, e a intensidade dos mesmos.

Así mesmo, en concordancia coa Lei 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, desenvolveuse a Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula de forma xeral os servizos de axuda no fogar que se desenvolvan no territorio da nosa Comunidade Autónoma, e, máis recentemente, o Decreto 99/2012, de 16 de marzo (DOG nº 63, de 30 de marzo) que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establecendo, ademais, novas regras de cálculo para o copagamento dos servizos co obxecto de evitar disparidades entre distintos puntos do territorio e mellorar a viabilidade financeira do sistema.

CLÁUSULA SEGUNDA . - CARACTERÍSTICAS E OBXECTIVOS DOS SERVIZOS

A empresa adxudicataria deberá prestar o servizo de Axuda no Fogar a toda persoa que cumpra as condicións de persoa usuaria do servizo de referencia.

O obxecto do presente contrato é a prestación do servizo de Axuda no Fogar de conformidade co establecido nos apartados seguintes:

1. En consonancia ca lexislación vixente na materia, hai que ter en conta que esta prestación, tanto na modalidade de prestación básica (ou libre concurrencia) como na dirixida ás persoas en situación de dependencia. O SAF ten por obxecto prestarlles un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

desestruturación familiar, facilitando a permanencia no seu propio contorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retardando a súa posible institucionalización.

2. Dito servizo contribúe a:

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual. Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- Previr situacións de dependencia ou exclusión social. Retardar ou evitar a institucionalización.
- Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

3. Con este servizo preténdese conseguir os seguintes **obxectivos**:

- Previr situacións de crise individual e/ou familiar prestando apoio persoal e social.
- Ofrecer apoio individualizado que favoreza a autonomía persoal e social da veciñanza que se atope nunha situación máis desprotexida.
- Potenciar que os/as beneficiarios/as utilicen positivamente os recursos do seu contorno. Evitar a desvinculación da familia, veciñanza, etc., asesorándoos sobre a realidade na que viven, dándolles apoio e diminuíndo a sobrecarga.
- Fomentar cambios favorables na dinámica familiar.
- Evitar ou atrasar ó máximo a entrada nunha institución, sempre que as condicións persoais e as do contorno o fagan posible e a persoa así o desexe.
- Mellorar a coordinación das actuacións coa rede profesional que intervéñ, fundamentalmente da rede sociosanitaria, coa utilización e aplicación de recursos adecuados coa finalidade de obter a maior eficacia e eficiencia na intervención.
- Contribuír a proporcionar unha alimentación adecuada.
- Favorecer a prevención de posibles trastornos de saúde derivados da alimentación insuficiente ou dunha dieta pouco equilibrada.
- Ofrecer apoio ás persoas usuarias do servizo que viven soas para evitar o seu illamento.

4. Usuarios/as:

Poderán ser usuarios/as todas aquelas persoas residentes no concello de Ponteceso que se atopen nalgunha das situacións previstas na Ordenanza Municipal reguladora do servizo de axuda no fogar (publicada o 19 de marzo de 2014-BOP nº 53) e para o caso de que este recurso sexa o máis adecuado a xuízo dos técnicos municipais competentes, en todo caso daráselle prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

autonomía e atención á dependencia. Existen polo tanto 2 tipos de beneficiarios/as, os de **Prestación Básica e os de Dependencia.**

CLÁUSULA TERCEIRA . - PRESTACIÓNS OBXECTO DO CONTRATO

O Axuda no Fogar concretarase nas seguintes atencións:

De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais no marco do SAF poderanse prestar os seguintes tipos de atención de carácter básico:

1. **Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:**
 - Asistencia para levantarse e deitarse.
 - Apoio no coidado e hixiene persoal e así como para vestirse.
 - Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
 - Supervisión cando proceda das rutinas de administración de medicamentos prescritos por facultativos.
 - Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.
 - Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

2. **Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria tales como:**
 - Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
 - Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

3. **Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda tales como:**
 - Limpeza, hixiene e salubridade da vivenda.
 - Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
 - Preparación dos alimentos.
 - Lavado, pasado do ferro e coidado das prendas de vestir.
 - Coidados básicos da vivenda. (p. ex. Substituír bombillas fundidas)

4. **Atencións de carácter educativo e psicosocial, intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.**



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

Con carácter complementario, o SAF poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables. (Prescripción facultativa)
- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguemento, teleasistencia e similares.
- Adaptacións funcionais do fogar.
- Servizo de podoloxía.
- Servizo de fisioterapia. (Prescripción facultativa)

En todo caso ás atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

Atencións excluídas:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban ser realizadas por persoal facultativo.
- Actuacións de apoio doméstico cando a súa realización se dirixa a persoas distintas das usuarias.
- Quedarán excluídas todas aquelas tarefas que non estean previstas nos informes dos técnicos municipais.
- Tarefas de carácter extraordinario equivalentes a : limpeza de altos, limpeza xerais da vivenda, limpeza de zonas comunitarias exteriores á vivenda ou de mobles,, habitáculos,roupa, comidas etc. Doutras membros da familia non beneficiarios directos da prestación.

CLÁUSULA CUARTA . - PERSOAL NECESARIO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO

A empresa adjudicataria deberá dispoñer en todo momento de persoal suficiente e coa titulación axeitada para a prestación do servizo, axustándose ao disposto na normativa vixente en materia laboral e de regulamentación desta prestación.

A) Persoal Técnico:

Para a correcta coordinación do servizo, a entidade adjudicataria asignará a unha persoa o exercicio do cargo de persoa coordinadora, coas seguintes funcións:



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

- Coordinación do traballo con cada auxiliar de forma individual e grupal.
- Seguimento e valoración do traballo da persoa auxiliar mediante visitas a domicilio dos casos que atenda.
- Coordinación periódica co persoal técnico municipal e con outros profesionais que poidan intervir nun caso, sempre que resulte procedente para a correcta prestación do SAF.
- Organización e supervisión do traballo de outros profesionais técnicos que con motivo da implementación da proposta formulada pola empresa adxudicataria participen na prestación do SAF.
- Elaboración e entrega dos partes de traballo ao persoal auxiliar.
- Participación na formación continuada de auxiliares e deseño de cursos en materia de servizos sociais, na medida que se establezan nos plans de formación da empresa concesionaria.
- Atención continuada de incidencias que poidan producirse durante o desenvolvemento do servizo ou, no seu caso, delegación desta competencia en persoal cualificado.
- Outras funcións análogas, e acordes a súa categoría profesional que poidan resultar necesarias para o desenvolvemento desta prestación.

B) Persoal auxiliar:

A atención directa do SAF será prestada por auxiliares de axuda no fogar que contarán coa titulación requirida en cada momento para a prestación de servizos ás persoas obxecto de atención no SAF, segundo o fixado na propia orde autonómica que regula este servizo e na normativa laboral e formativa vixente en cada momento. De igual forma, a empresa adxudicataria deberá manter un programa de formación continuada.

Este persoal realizará, no propio domicilio, as actividades precisas para executar as atencións propias do SAF, seguindo as pautas de actuación e coidados indicados pola persoa coordinadora do servizo.

Ademais de atención directa o persoal auxiliar deberá informar á coordinadora da evolución do caso e con carácter inmediato dará conta das incidencias que teñan lugar.

C) Persoal técnico adicional:

Este persoal desenvolverá aquelas atencións complementarias que a empresa adxudicataria formulará na súa oferta e deberá contar coa titulación oficial que corresponda ao tipo de intervención que desenvolva.

CLÁUSULA QUINTA . - RELACIONES ENTRE A ADMINISTRACIÓN E O CONTRATISTA

5.1. - O Concello aos/as traballadores/as sociais de atención comunitaria corresponderanlles as seguintes funcións:

- a. A programación xeral do servizo.
- b. As xestións para o seu financiamento.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

concello@ponteceso.gal
ponteceso.gal

CIF: P1506900H

REL: 01150682

RELG: MU 2000/15

- c. A difusión-información do servizo.
- d. A avaliación das necesidades.
- e. A proposta de concesión/denegación do/s servizo/s, así como a formulación de propostas de ampliación ou redución deste/s.
- f. A programación de cada servizo en concreto.
- g. A estimulación para a autoaxuda e participación familiar.
- h. O estudo da demanda de información e atención das persoas solicitantes.
- i. A asignación e supervisión de tarefas.
- j. A coordinación do servizo con asociacións, institucións, profesionais e voluntariado.
- k. A valoración da idoneidade do persoal.

5.2.- Aos/ás traballadores/as sociais da empresa adxudicataria, sen prexuízo das funcións de control e dirección xeral do servizo que lles corresponden aos órganos competentes do Concello, corresponderanlles as seguintes funcións:

- a. A recepción das demandas.
- b. A coordinación dos diferentes axentes que interveñen.
- c. O estímulo das responsabilidades das familias como cuidadoras primarias e o fomento da autoestima das persoas usuarias.
- d. A avaliación e o seguimento dos casos atendidos.

5.3.- Aos/ás auxiliares de axuda no fogar corresponderanlles as seguintes funcións:

- a. Asistenciais, de atención persoal e doméstica, tanto co usuario/a como co seu

contorno.

- b. De orientación/información en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.
- c. Educativas, potenciando o protagonismo do/a usuario/a, non substituíndo naquelas tarefas que poida realizar por si mesmo/a e facilitándolle as canles de comunicación co seu contorno.
- d. De colaboración co/a traballador/a social na coordinación e avaliación do servizo.

5.4.-No programa de axuda no fogar poderán intervir, a maiores, outros profesionais (educador/a familiar, psicólogo/a, animador/a sociocultural, persoal sanitario...), para cada caso cunha programación específica, elaborada para o efecto, e debidamente coordinada polos/as traballadores/as sociais, con mención dos obxectivos, metodoloxía e sistemas de avaliación en equipo.

No caso de libre concorrência, o tempo de atención individual, que en todo caso estará condicionado á dispoñibilidade de recursos do servizo, determinarase pola necesidade que se xustifique en cada solicitude de acordo coa valoración técnica.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

Para as persoas valoradas como dependentes dentro do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individual de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co plan de coidados individualizado, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, todos os días da semana, incluídos domingos e días festivos.

A intensidade do servizo determinarase con carácter xeral en horas diarias de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe do persoal técnico correspondente.

Asignado o servizo, os Servizos sociais do Concello comunicarán por escrito a alta na prestación do servizo á empresa adxudicataria, determinando:

- Os datos relativos á/s persoa/s beneficiaria/s.

-Copia do proxecto de inserción asinado, que conterá os obxectivos expostos e o perfil do/as profesionais que se lle asignen.

O prazo de alta na prestación do servizo non poderá ser superior a sete días, unha vez así determinado polos Servizos Sociais.

O tempo de atención a cada persoa usuaria poderá ser modificado cando varíen as circunstancias persoais ou familiares, ou por necesidade da organización e dispoñibilidade do servizo de axuda no fogar, segundo sexa determinado polos servizos sociais do Concello de Ponteceso, ponendo en coñecemento da modificación á empresa adxudicatrora.

A empresa adxudicatoria dará as instrucións precisas ao seu persoal, co obxecto de asignarlles as tarefas que lles correspondan en función dos criterios técnicos establecidos, sendo a responsable de realizar as propostas de distribución das persoas traballadoras, horario etc, tratando sempre de que existan os miónimos cambios na atención ás persoas usuarias co fin de evitar desorientacións e desajustes na intrimidade familiar.

A persoa que exerza de responsable técnica da empresa adxudicaria garantirá unha supervisión realizada quedará constancia no correspondente informe individual de seguimento que será remitido aos Servizos Socaais do Concello.

O persoal técnico do Concello poderá en calquera momento comprobar a execución e calidade dos servizos prestados pola entidade prestadora, así como acadar información sobre a satisfacción das persoas usuarias sobre o desenvolvemento xeral do servizo.

O Contratista remitirá ao Concello de Ponteceso antes do 15 de xaneiro de cada ano unha memoria do desenvolvemento do servizo seguindo os criterios que se fixarán polos servizos sociais municipais.

A entidade prestadora contará e facilitará ás persoas usuarias un Regulamento de funcionamento do servizo.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

Horario que se establece para o servizo:

- **SAF Básico ou de Libre concorrencia:** de luns a venres de 8:00 a 21:00 (a prestación do servizo após ás 21:00 deberá estar xustificado e autorizado polos/as técnicos/as municipais)
- **SAF Dependencia:** de luns a domingo de 8:00 a 21:00 (a prestación do servizo após ás 21:00 deberá estar xustificado e autorizado polos/as técnicos/as municipais).

A duración mínima dos servizos serán dunha hora, as prestacións por debaixo deste tempo deberán estar xustificadas e autorizadas polos/as técnicos/as municipais).

O servizo de Axuda no Fogar, non poderá cubrir situacións que requiran atención continuada todo o día, ben sexa por motivos médicos e/ou sociais. Salvo situacións puntualmente excepcionais, e debidamente acreditadas no informe social, a prestación do SAF na modalidade de libre concorrencia non poderá ser superior ás 2 horas continuas. Prestarase de luns a venres e a prestación do servizo en días non laborables e fins de semana deberá estar autorizada e xustificada polos técnicos municipais.

A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co plan de coidados, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, ademais dos días laborais os fins de semana e festivos.

CLAUSULA SEXTA.- OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA

a) Visita inicial e emisión de proposta do proxecto de intervención, que será validado pola traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios.

b) Dispor das acreditacións outorgadas pola Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación do servizo de axuda no fogar conforme ao réxime e os requisitos funcionais e de persoal establecidos no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos Servizos Sociais de Galicia (artigos 6 e 7).

c) Dotar o persoal auxiliar de axuda no fogar da cualificación e da formación profesional adecuadas co fin de dar cumprimento aos requisitos establecidos no decreto antes citado.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

d) Dispor dos medios persoais suficientes para satisfacer axeitadamente as esixencias do contrato, así como as axudas técnicas necesarias para a eficaz prestación do servizo adaptadas ás necesidades da persoa dependente.

e) Garantir que o persoal auxiliar de axuda no fogar, no exercicio do seu labor profesional, vaia debidamente identificado, uniformado, dotado de material necesario e equipado dos medios de protección sinalados na normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.

f) A empresa adxudicataria dará estrito cumprimento ao disposto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e, en especial, ás obrigas contidas nos artigos 9 e 12, así como a velar polo cumprimento dos seus traballadores/as en relación ao segredo profesional.

g) Incrementar os medios persoais, materiais e técnicos, no caso de ampliación do número de persoas usuarias e horas de servizo durante a vixencia do contrato, asumindo os custos derivados da relación de dependencia do dito persoal, debendo dispor do persoal suficiente, en forma de reténs, co fin de cubrir as baixas sobrevidas e evitar atrasos nos servizos por demoras ou aumento do servizo.

h) Dar cumprimento ás ordes de inicio do servizo nun prazo máximo de catro días naturais contados dende o seguinte á recepción da notificación (vía telemática) da asignación do servizo.

i) No caso de extrema e urxente necesidade, o servizo prestarase nun prazo máximo de 48 horas.

j) A empresa adscribirá a cada usuario/a un/ha auxiliar de axuda no fogar, procurando os mínimos cambios na prestación do servizo, co fin de evitar desaxustes e desorientacións na intimidade familiar. No caso de que a empresa o precisase, comunicará de forma expresa e razoada a motivación do cambio e a súa incidencia na calidade do servizo.

k) Deberá designar un/ha técnico/a responsable da coordinación do servizo, co cal se entenderán as comunicacións, as reunións de seguimento, avaliación e coordinación por parte dos Servizos sociais do Concello. O/a coordinador/a estará permanentemente localizable en todo momento co fin de resolver cantas incidencias poidan producirse durante o desenvolvemento do servizo, e, para tales efectos, deberá dispor de conexión permanente cos Servizos sociais do Concello mediante correo electrónico, fax, teléfono fixo e móbil.

l) Achegar os partes mensuais das tarefas asinadas polas persoas beneficiarias do servizo, así como unha ficha de seguimento bimensual, onde se constate a marcha e o desenvolvemento do servizo, con indicación das incidencias e, no seu caso, propostas da empresa en relación co servizo prestado ao usuario/a. Ambos os dous documentos deberán elevarse ás reunións de seguimento e coordinación, co obxectivo de emitir un informe previo á facturación mensual do servizo.

m) Cumprir as seguintes indicacións en canto á xornada do persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar:

- O servizo de axuda no fogar prestarase os 365 días do ano (incluídos o 25 e o 31 de decembro).

- O persoal auxiliar realizará as tarefas de carácter persoal na primeira franxa horaria da mañá, especialmente a aqueles/as usuarios/as de atención especial.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

- O horario prescrito para a persoa beneficiaria cumprirse na súa totalidade, non contabilizándose os traslados do persoal aos domicilios.

- As vacacións e situacións de baixa laboral do persoal auxiliar serán substituídas na súa totalidade, non afectando tal circunstancia á prestación do servizo.

n) Aquelas circunstancias que poidan vincularse a unha situación de violencia doméstica ou abandono de menores, anciáns ou persoas discapacitadas deberá dársele coñecemento, obrigatoriamente e de inmediato, á persoa responsable municipal do servizo de axuda no fogar

o) Prohibirles aos/ás seus traballadores/as aceptar calquera tipo de gratificación, doazón ou contraprestación económica por parte das persoas usuarias.

p) A empresa adxudicataria será responsable do seu cumprimento e deberán informar ao Departamento dos servizos sociais comunitarios de calquera situación desta natureza que se produza.

q) En ningún caso o/a auxiliar de axuda a domicilio ou calquera outra persoa empregada ou profesional da entidade adxudicataria poderá entrar no domicilio da persoa usuaria sen consentimento do/a titular deste.

r) A empresa licitadora non poderá encomendar a realización do servizo ao persoal que teña relación de parentesco coa persoa usuaria deste, ato o 2º grao de afinidade e o 3º de consanguinidade.

s) A empresa será responsable da calidade técnica dos servizos realizados así como das consecuencias que se deduzan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas da execución do contrato. Serán por conta da adxudicataria as indemnizacións que se poidan reclamar por danos ou perdas con ocasión da prestación do servizo por causa imputable a ela ou ao persoal ao seu servizo.

t) Será obriga da empresa dar as altas que se lle comuniquen desde o Concello, con carácter xeral nun prazo de 5 días naturais, salvo casos de urxencia determinados polos servizos sociais do Concello, nos que o prazo será como máximo de 24 horas.

u) A empresa adxudicataria non poderá incorporar alumnos/as en período de prácticas sen a expresa autorización do Servizos sociais do Concello. O dito exercicio práctico en ningún caso poderá substituír un posto de traballo, debendo realizarse acompañado polo persoal profesional que exerza a prestación do servizo. Previamente á realización práctica, requirirase o libre e expreso consentimento da persoa beneficiaria.

v) A empresa adxudicataria non poderá subcontratar a execución da prestación principal do servizo de axuda no fogar, entendendo por tal a atención regular e continuada realizada no fogar da persoa ou unidade de convivencia usuaria, en aplicación do proxecto de intervención deseñado para cada caso. Non obstante, poderanse subcontratar prestacións complementarias do servizo, entendendo por tales aquelas que teñan carácter non regular, as que se poidan executar fóra do domicilio e as que reforcen a atención regular por medios técnicos ou humanos especializados.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Telef.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

CLAUSULA SEPTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS

A entidade adxudicataria e o persoal ao seu servizo teñen a obriga do cumprimento estrito das normas vixentes en materia de protección e tratamento de datos de carácter persoal en relación coa realización do servizo e, así mesmo, ao respecto do segredo profesional. Absterase, en calquera caso, de obter outros datos persoais dos/as usuarios/as distintos dos subministrados polo Departamento de servizos sociais.

CLÁUSULAR OITAVA.- RESPONSABILIDADE CIVIL

En caso de accidente ou de prexuízo de calquera xénero que lle ocorra a/s persoa/s do servizo de axuda no fogar, así como ao persoal da empresa con ocasión do exercicio das súas funcións, a empresa adxudicataria cumprirá co disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de modo algún ao Concello de Ponteceso.

A empresa adxudicataria deberá presentar, antes da sintonía do contrato e do comezo dos traballos, copia da póliza de responsabilidade civil, así como certificado ou documento acreditativo expedido pola entidade aseguradora de que se encontra ao corrente nos pagos, ou o compromiso de suscripción no momento de adxudicación do contrato, de non tela xa contratada. Dita póliza cubrirá os danos que puidesen producirse durante a execución de contrato e as súas condicións mínimas serán as seguintes:

-Póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra todas as súas posibles responsabilidades ante a Administración derivadas da execución do contrato, por un capital mínimo de 600.000 euros, que garantice as responsabilidades civís que se poidan derivar dos danos patrimoniais ou persoais que se causen como consecuencia da execución dos servizos, tanto a beneficiarios ou traballadores do servizo coa a terceiros.

-Póliza de seguro de accidentes que comprenderá tanto ao persoal como aos usuarios durante a totalidade da duración do contrato por un importe de 250.000 euros.

CLÁUSULA NOVENA.- MEDIDAS EN CASO DE FOLGA

No suposto eventual de folga xeral ou folga no sector ao que pertence os/as traballadores adscritos o servizo, a empresa adxudicataria comprométese a manter informada á entidade local das incidencias e coordinará co Concello de Ponteceso, os servizos mínimos.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

Unha vez finalizada, a entidade adxudicataria deberá presentar, no prazo máximo dunha semana in informe coa conformidade do coordinador do servizo no que indiquen os sevizos mínimos realizados e o número de horas ou servizos que se deixaron de realizar.

Unha vez comprobados os incumprimentos producidos como consecuencia da folga, a entidade municipal valorará as deducións que correspondan na factura. N Mesta valoración comunicaráselle por escrito á empresa adxudicataria.

CLAÚSULA DECIMA.-FACTURACIÓN

A entidade adxudicataria presentará a factura co desglose por rexistro de entrada no Concello de Ponteceso, a mes vencido, nos primeiros cinco días hábiles do mes seguinte.

As ditas facturas achegaranse como anexos:

- Unha relación nominal das persoas usuarias atendidas na mensualidade, con detalle dos servizos prestados a cada unha delas.
- Unha copia dos partes de incidenciass prestados a cada unha delas.
- Unha copia dos partes de incidencias.

Ponteceso, 17 de xullo de 2017-

A traballadora social

Rosario Canosa Martinez

